

# Entroido 2022

PROGRAMA DE ACTIVIDADES DA REDE  
MUSEÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO





O Entroido é unha das festas máis arraigadas e celebradas e Galicia e, desde a Rede Museística Provincial de Lugo, queremos festexar con vós estes días nos que a diversión e a ledicia son as protagonistas.

Para iso, ofrecemos diversos obradoiros e actividades nos nosos catro museos, nos que conxugaremos a tradición do Entroido co patrimonio histórico-artístico.

Agardámosvos!

## Museo Provincial de Lugo


### “MÁSCARAS DE ENTROIDO”

Aproveitando o patrimonio que contén o Museo Provincial de Lugo relacionado con esta festividade tan galega, faremos un percorrido por aquelas pezas que, aínda que non teñan relación directa co noso Entroido, si que nos fan recordalo. Deste xeito, aproveitaremos a colección de máscaras africanas para atoparlles un certo parecido coas máscaras do entroido ourensán, xa que moitas delas amítanse a pesares da distancia xeográfica. Como colofón realizaremos un taller no que a rapazada porá en práctica o explicado no roteiro co fin de que creen a súa propia máscara de entroido.

Data: Domingo 27 de febreiro.

Horario: de 11:30 a 13:30 h.

Idades: De 7 a 12 anos.



## Museo Fortaleza San Paio de Narla

### “AGOCHÁMONOS TRAS A MÁSCARA”

As máscaras serán as protagonistas desta xornada festiva previa á celebración do Entroido. Preparadxs para crear e deseñar máscaras con xeso?

Data: Sábado 19 e domingo 20 de febreiro.

Horario: De 12:00 a 14:00 h.

Idades: Todas as idades.

# Museo Provincial do Mar

## "ENTROIDANDO NA RIBEIRA"

O Entroido é esa época do ano na que está permitido que cambiemos os roles, que nos transformemos naquilo ou en quen nós queiramos. Pois como neste 2022 o lema do Día Internacional dos Museos se refire ao poder dos museos como instrumentos de transformación, ímonos transformar nun dos instrumentos de máis poder nunha embarcación.

Sodes quen de adiviñar o noso disfraz?

Data: Sábado 19 febreiro.

Horario: De 11:30 a 13:30 h.

Idades: Club Pequeamigxs.



## "AQUELES ENTROIDOS"

Imos unha vez máis aproveitarnos da sabedoría das persoas que conforman o noso Club Sénior, que nos ilustrarán como era o Entroido nesta parte da provincia de Lugo, a Mariña, onde non hai tradicións ancestrais con personaxes típicos, pero si un forte costume de celebrar o Entroido na rúa con desfiles de comparsas con chamativos e divertidos disfraces que as mulleres cosen durante semanas.

De seguro que lacón e cimóns, filloas e orellas completaban a festa.

Data: Xoves 3 de marzo.

Horario: De 17:00 a 18:30 h.

Idades: Club Sénior.





## Museo Pazo de Tor

Os compadres e comadres do Val de Lemos, foron e seguen a ser a válvula de escape como o é en si o Entroido. Cultura popular, mais cultura no seu máximo estado expresada de moi diversas formas no noso país, cunha riqueza e complexidade difíciles de igualar.

### MONTAXE DE COMADRES E COMPADRES NO PAZO DE TOR

Instalación de comadres (de dúas mulleres): muller rural galega fidalga de pazos /muller rural galega de labranza.

Instalación de comadre na solaina do Pazo.

Instalación de comadre na pranta baixa da solaina do Pazo.

### XOVES DE COMADRES

María Paz de Tor. A muller rural galega de orixe fidalga, transformadora do Pazo, elemento privativo, como elemento de poder, de xurisdición, de control / Pazo convertido en elemento público, comunitario, participativo e con poder transformador.

As mulleres rurais. A muller rural galega de orixe labrega, transmisora de coñecemento, de afecto, de vida. Muller que sementa, que colleita, que alimenta. En definitiva, a muller como ser creador, transmisor e transformador.

Hai diferenzas entre estas dúas mulleres (muller labrega / muller pacega), pero o que as une é moito máis...

Data: Xoves 24 de febreiro.

Horario: Horario de visitas ao pazo.

### XOVES DE COMPADRES

Os compadres? A saber... xa se sabe que isto do Entroido nunca é predecible ao completo, maniféstase con retranca e as galegas e galegos temos unha pouca. Veremos que pasa!

Data: Xoves 17 de febreiro.

Horario: Horario de visitas ao pazo.